

Un autobús camiño da cidade

Un autobús camiño da cidade. Recordo afastado que xorde das celas máis recónditas da miña infancia. O seu troupeleo ao avanzar pola estrada de pedra e area, con olor a gasolina e tabaco, contribuía a aumentar a agonía no silencio tranquilo da alma. Miraba a meu irmán e seguía no silencio co pensamento no fogar deixado, rumbo ao descoñecido. Aínda hoxe, cando volven a min aquelas escenas, busco unha razón que as xustifiquen. Dis que iamos á vila a estudar. A vila, que era a vila? Habería tamén alí silveiras, carballos, niños, ...? Hoxe, xa non sei se recordo aquilo ou simplemente é unha sensación formada de múltiples estímulos do meu complexo pensar de adulto. Aínda que creo que xamais deixei de ser neno ou talvez fun sempre un neno adulto navegando no descoñecido, onde me aventuraba e experimentaba accións por saber cal podería ser a resposta do contorno ou por necesidade da actividade vivida. Entón observaba con interese a satisfacción ou insatisfacción producida, era como xogar ao acerto-erro.

Sempre fun unha persoa tímida cunha intensa curiosidade por todo canto me rodeaba. Certamente que non o manifestaba. Nin sequera quería que se deran conta do meu interese, nin das miñas habilidades. Todo iso era como un segredo que tiña que

gardar moi dentro de min. Recordo algunha vez que, acaso por vaidade inconsciente, respondía a algún estímulo exterior espontaneamente, adoitaba ser reprimido por respostas incoherentes e violentas que nin sequera tiñan que ver co éxito ou fracaso da resposta.

Naqueles primeiros meses na vila, descubrín con pesar e con vergonza que non sabía falar, porque cada vez que dicía algo, tanto o mestre coma os compañeiros e compañeiras daquela escola de pagamento, soltaban unhas tremendas e dolorosas gargalladas. É posíbel que fora por aquelas primeiras sensacións percibidas con medo, vergonza e angustia polo que decidín gardar as miñas habilidades en segredo e só manifestar ao exterior o imprescindible. Aprendín a falar coma eles, non sen certa dificultade, pero só o facía na escola. Aquelas palabras só se dicían na escola! Tamén cando ía co meo pai ao médico ou cando falabamos co sr. cura na aldea ou na parroquia da vila. Polo máis, tanto na casa como na rúa, paréceme recordar, que a comunicación era máis sinxela. Ademais na rúa tiña outras habilidades que eran apreciadas e ás que respondía con satisfacción recoñecida, aínda que nunca de forma fácil ou directa. Sempre esperaba a que me asignaran algunha daquelas tarefas. A miña relación co mundo externo foi lenta pero con intención e asegurando sempre a miña posición. Deus, foi unha loita terríbel!

A nova casa

Certamente a vila era moi diferente á aldea. Casas por todas partes, as rúas de cemento, portais dos que xurdían personaxes diferentes, comercios e nenos, moitos nenos e nenas que xogaban na rúa a calquera hora do día. Até moitos meses máis tarde non souben das corredoiras, dos prados, dos soutos e carballeiras que tiña moi preto do meu barrio. Aquela primeira experiencia no Campo Castelo, preto da muralla, xuntaba en poucos metros o que sería a miña vida día a día: a casa, a escola, a praza onde faciamos os recreos, os portais onde xogabamos ás escondidas, a muralla pola que corriamos sendo guerreiros romanos, vaqueiros do afastado oeste, policía ou ladróns ou simplemente nos xuntabamos para decidir como pasar o día. Teño un grato recordo do barrio e dos primeiros amigos e amigas cos que compartín aqueles días de neno.

A nova casa tiña unhas escaleiras moi empinadas de madeira que comunicaban o exterior cos dous únicos andares que constituían as dúas vivendas familiares do edificio. No primeiro vivían os donos e no segundo nós: Miña curmá, unha moza de pouco máis de quince anos que aprendera corte e confección nunha academia en Lugo e agora montaba a súa propia academia de costura, coa que compartiríamos os tres primeiros anos da nosa vida na cidade. A vivenda constaba de dúas habitacións, cociña e un ser-

vizo: na máis grande que daba a rúa estaba o taller de costura e o dormitorio de miña curmá, na interior con luces a un calello lateral o noso dormitorio. Meus pais desde a aldea dotábanos de provisións e medios para poder subsistir naqueles momentos difíciles na cidade. Corría o ano 55 e as cousas non eran moi prometedoras para os habitantes da vila.

Co recordo permanente do fogar deixado (mundo das primeiras experiencias da miña vida e núcleo da miña afectividade), empecei a abrimme a aquel mundo descoñecido non sen certo temor e desconfianza. A rúa foi a primeira e máis fácil experiencia: xeralmente a infancia é un momento no que non existen fronteiras para establecer relacións, sendo os grupos abertos e flexíbeis. De inmediato fomos admitidos e formamos parte dos seus xogos. Máis difícil ía ser a escola, institución artificial creada para educar nun sentido prefixado e seguindo as normas sociais existentes no momento. A obediencia debida e os castigos (xeralmente corporais) eran o centro da súa actividade. Neste mundo, afastado do fogar desexado, empezou unha nova experiencia da miña vida que me levaría por camiños cada vez máis descoñecidos que pouco a pouco iamos descifrando, afastándonos cada vez máis da aldea chairega dos primeiros anos.

A escola

A imaxe que teño do meu primeiro mestre supoño que pouco ou nada se parece a que tiña na realidade. A miña fabulación de neno e a sensación de illamento e desprotección ao entrar naquela escola penso que desfiguraron a súa imaxe. Un individuo alto, manco e con cara de poucos amigos do que permanecemos afastados no noso pupitre por unha rexa autoridade e despotismo, actitude que impedía ter unha imaxe diferente. Son poucas as cousas que lembro daquela escola, salvo as gargalladas do mestre, coreado polos nenos e nenas, cando pronunciaba algunha palabra en galego (lingua da que non era consciente, simplemente era a miña maneira de comunicarme pero a súa utilización supoñía para min un tremendo castigo imposto polo mestre e a súa sibilina forma de proceder). Tiven que aprender a súa forma de falar por medo e vergonza. Nunca fun un alumno problemático, pero aquelas actitudes afastábanme da actividade escolar desmotivándome, polo que o meu interese se centraba na rúa e nas relacións con outros rapaces e rapazas, nas que atopaba un maior éxito. Máis tarde comprendería que aquela actitude e procedemento de ensino non era exclusiva daquela academia na que pasei os primeiros anos: os castigos corporais, a ausencia de relación profesor-alumno e o concepto de autoridade era propio da educación do momento, da escola que nos tocou vivir aos nenos e nenas dos 50.

Dos compañeiros só recordo aqueles que tiñan un maior rexeitamento á escola, sufrían con máis frecuencia da ira do mestre, aínda que destas situacións teño unha maior impresión de anos máis tarde cando xa levaba na vila 3 ou catro anos.

Os recreos na rúa

A media mañá, despois dunha sesión angustiosa e aburrida como todos os días, saíamos á rúa, a nosa rúa, dando un berro atronador de liberdade. Non contabamos con moitos recursos, pero aquel era o noso mundo coñecido no que nos atopabamos a gusto. Axiña decidíamos que facer: as quedas, pés quedos, fútbol (se tiñamos con que, non era fácil contar cunha pelota naqueles tempos), vaqueiros, policía e ladróns, aos romanos ou ás agachadas. Sempre había unha solución rápida e aceptada por todos. Aínda que no entusiasmo do xogo protestabamos, nos encabuxáramos con alguén, uns ou outros acababamos o xogo chamándonos tramposos ou reivindicando a satisfacción do éxito, nun intento de humillar os rivais; a camaradaría era o único que nos importaba: por un compañeiro fariamos calquera cousa. Era parte da dinámica do xogo. Se un día te marchabas cabreado, mandando raios e muxicas contra todos, a necesidade de gozar do grupo e dos seus privilexios volvíate outra vez animoso. Era difícil que un cabreo durara máis dunhas horas, en todo caso ao día seguinte empezabamos como sempre. A necesidade de relación impulsábate outra vez ao grupo. Aquilo era estupendo, gozabamos de cada hora na rúa. Nela sentiámonos apreciados, valorados, queridos, sempre había algunha actividade na que destacabamos e pola que eramos requiridos. Todos nos sentíamos útiles. Cando estábamos no mellor, cando o entusiasmo no xogo estaba no límite

máximo, chegaba o prosma do mestre e tiñamos que volver a aquel tedioso e escuro lugar.

Suorentos e eufóricos, aínda coas incidencias do xogo nas conversas, entrabamos no portal, e pouco a pouco as voces íanse apagando, chegando case a murmurios reivindicativos da nosa postura. Ao traspasar a porta da escola, o silencio era absoluto e estarrecedor. Cada un de nós desprazábase como autómatas ao seu pupitre, sentándose, cos ollos fixos nun punto indefinido nun intento de evasión, aínda co corazón quente pola situación vivida. A voz atronadora, forte e marcial do mestre volvíanos á drástica realidade.

Non recordo ningún momento agradábel naquela escola, nos aproximadamente seis anos alí vivenciados. Nunca sentín ningunha satisfacción ou recoñecemento do meu traballo. Máis ben, polo contrario, cando o cría satisfactorio, sempre tiña que haber algo que o trocara en fracaso. Foron días ditosos con contrapunto.

A rúa

Era a fonte de todas as nosas satisfaccións. Sempre buscamos algún motivo ou xustificación para estar nela. Chegabamos da escola, collíamos o bocata e saíamos con el a toda velocidade escaleiras abaixo. O meu barrio tiña como referencia principal a muralla, unha pequena praciña cunha fonte de ferro no medio que utilizabamos ás veces como poldro, un pequeno xardín no que medraban os magnolios e as acacias e unha rúa paralela á muralla que discorre desde O Cantiño á Casa do Concello, sendo a columna vertebral do Barrio. No xardín, paralela aos magnolios, había unha pequena pista na que patinaban algunhas rapaciñas e xogabamos algunha vez á pelota. Aínda que a máis utilizada para os xogos era a praciña da fonte. A mesma que utilizabamos nos recreos da escola e través da que accedíamos, xuntamente coa do Cantiño, á Muralla. O Cantiño era unha pequena pero encantadora parte do barrio, á que acudíamos con frecuencia sempre que utilizabamos a muralla como campo de xogos: se formabamos dous grupos adoitabamos utilizar os dous accesos

Os magnolios sempre sorprenderon e asombraron a miña alma de neno. En xaneiro quedábame e aínda, cando viaxo na actualidade a Lugo, me quedo abraiado observando o colorido das múltiples flores que sobresaen das ramiñas núas de follas.

Branco, rosas e híbridos branco manchados de rosa sobre o marrón dos troncos retorcidos dos magnolios, sobresaen como enxalzando unha beleza interior que enche o espírito de quen os contempla. Sentado nun banco corrido, situado ao fondo da pista que utilizaban as patinadoras para colocar os patíns ou para contarse as súas historias, pasábame longos espazos de tempo enchéndome daquel alegre e impresionante colorido xurdido da tristeza dos troncos en ansiosa necesidade por acadar o ceo entre nós e enmarañadas formas retorcidas. Parecía que nun derradeiro intento por acadar o azul, amosaran o seu amor á luz a través das flores das súas ramadas nadas, buscando co seu provocador e intenso colorido un abrazo tenro de vida.

Naquel tempo as rúas estaban baleiras de coches: recordo un coche negro, propiedade dun taxista, que estaba aparcado á tardiña enfronte da escola e unha moto Vespa que ao mediodía e á tardiña aparcaba diante dun dos bares. O resto da rúa era noso. Cando xogabamos ás agachadas ou aos policías e ladróns, o barrio era o límite para esconderse e localizar os compañeiros e compañeiras, podendo utilizar portais, escaleiras, árbores ou calquera obstáculo permanente ou temporal. Ás veces delimitabamos a muralla pola dificultade que ofrecía para o que apandaba, ao facilitarlle aos escondidos unha espléndida visión da rúa pola súa magnífica situación de miradoiro.

Lindando coa praza dos magnolios, a casa do concello e a Praza Maior, a onde íamos os domingos pola mañanciña escoitar a banda municipal ou pasear desde a Alameda á praza de Sto. Domingos. Os mozos e mozas paseaban á tardiña, formando grupos ou parellas, charlando ou cantando, ao longo dos soportais da praza e rúa da Raíña. Hábito que perdurou até entrados os anos 70 e que desapareceu case subitamente nesta década, rompendo unha marcada tradición de hábitos sociais trasnoitados e inservíbeis nunha sociedade que ansiaba outras formas e outras maneiras de manifestarse e vivir cada momento. Ao sur, a porta da muralla que se abría ao xardín da cadea e ao campo da feira, franqueada

por unha antiga casa de pedra de dúas plantas que sostiña na parte frontal do tellado un pombal, similar a unha ameia dun castelo do medievo, ao que sempre lle atribuíñ o nome do barrio, posiblemente sexa outro motivo, pois a existencia (no pasado) dunha fortaleza na propia muralla ou na zona podería ser outro. Pola porta de San Pedro o barrio abríase á estrada de Madrid e ao barrio de San Roque, onde viviría anos máis tarde parte da infancia e toda unha xuventude plena de experiencias.